



CONCELLO DE BARBADÁS

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 3 DE XULLO DE 2019.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)
D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)
D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)
D. ABEL CORTÉS PÉREZ (PSdeG-PSOE)
D. M^a ELISABET GONZÁLEZ NISTAL (PSdeG-PSOE)
D. RAMÓN SELAS SEIJAS (PSdeG-PSOE)
D. D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)
D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (PP)
D. D. ISABEL OTERO POMBO (PP)
D^a M^a DOLORES GRANDE FERNÁNDEZ (PP)
D. JOSÉ LUIS DORRIBO PRADO (PP)
D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)
D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)
D. CARLOS GONZÁLEZ DURÁN (BNG)
D.^a SERAFINA VARELAS VIEIRIA (DO)
D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (CxG)

Secretaria

D^a SILVIA ALONSO

No salón de Plenos da Casa do concello de Barbadás, sendo as 12:30 horas do día 3 de XULLO de 2019 reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.





CONCELLO DE BARBADÁS

PARTE RESOLUTIVA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bos días a todos e a todas. En primeiro lugar dicir que comeza un novo mandato. Dar a benvida a todos e a todas a este novo mandato, que o que esperamos é que sexa frutífero para os veciños e veciñas de Barbadás, que iso é o máis importante. Loitar por estes veciños e veciñas para que o noso concello prospere.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro punto da orde do día é a periodicidade das sesións do pleno. Ben, pois a proposta da alcaldía fai referencia, evidentemente, ao que é o establecido no regulamento orgánico municipal vixente, que é o que se celebren os plenos unha vez ao mes, os plenos ordinarios. Algunha consideración sobre este punto. Empezamos polo Grupo Mixto, se teñen algo que dicir. Ah, perdón. Diga.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, grazas señor alcalde. Bo día a todas e a todos. Simplemente indicar dúas cuestións de orde. Entendemos dende o noso grupo, que para empezar con esta sesión, debería darse conta da resolucións da alcaldía. E comunicar a toda a corporación a constitución de cada un dos grupos e quen van a ser os seus voceiros. Eu creo que deberíamos comezar por esa dación de conta. E outra cuestión de orde, é a que se recolle no punto catro, como xa dicimos, dación de contas de resolución de alcaldía, entendemos que hai un punto que non sería unha simple dación de contas porque non necesitaría votación, que é a proposta que se fai pola alcaldía, sobre pasar á xunta, a competencia á xunta de goberno local, unha cuestión do pleno que é a aprobación dos prezos públicos e que necesita votación en pleno, co cal non é unha dación de contas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Correcto. Correcto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non é unha dación.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Por iso mesmo

A Sra. Secretaria toma a palabra: Colocaron no epígrafe de dación de contas pero non ten aplicación, por suposto.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pois nada, que se teña en conta, solicitamos. Grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Con carácter previo tamén vos explico, non, con carácter previo, tamén vos explico que ao ser un pleno extraordinario, non ten dación de





CONCELLO DE BARBADÁS

conta das resolucións da alcaldía. Precisamente como é o pleno de constitución, as resolucións das que se dá conta forman parte dos puntos da orde do día. Por iso non hai esa dación de conta. E logo, efectivamente, a constitución dos grupos municipais, procederemos agora a explicala. É dicir, os grupos que se constituíron e todo iso. Efectivamente, non o puxemos no punto da orde do día, pero ben...

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois a proposta da alcaldía en relación á periodicidade das sesións ordinarias do pleno son as que constan no regulamento orgánico municipal vixente. Grupo Mixto, Bloque Nacionalista ou PP queren dicir

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, meteuse aquí a organización dos grupos?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non están, non.

1- DACIÓN DE CONTA DE CONSTITUCIÓN DE GRUPO MUNICIPAIS

A Sra. Secretaria toma a palabra: A que che dixen onte, os grupos que se constituíron. Non, os grupos, grupos municipais. Vale. É do que damos conta agora.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Os grupos constituídos son Grupo Mixto, Bloque Nacionalista Galego, Partido Popular e Partido Socialista. Son os que se constitúen legalmente conforme á lexislación vixente.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si. Efectivamente, consta a documentación, son estes. Consta na documentación de constitución coma grupo socialista, da que forman parte, José Carlos Valcárcel Doval, Victoria

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xosé, Xosé.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben, Xosé Carlos está. Está oficialmente traducido?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si señora.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben. Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza Doforno, Marga Pérez, Rafael Sierra Carril, Abel Cortés, Ramón Selas e Elisabet González. Dáse conta tamén da constitución do grupo municipal do Partido Popular, que está constituído por María Consuelo Vispo Seara, Isabel Otero Pombo, José Luis Dorribo Prado, Manuel Angel Fernández Quintas, Dolores Grande Fernández y Nieves Carril Gómez. Dáse conta da constitución do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, integrado por Serafín Núñez e Carlos González Durán. E finalmente, dáse conta da constitución do Grupo Mixto, integrado por Serafina Varelas





CONCELLO DE BARBADÁS

Vieira, pertencente a Democracia Orensana, e Ramón Padrón Calviño, pertencente a Compromiso por Galicia. Moi ben. Como designación de portavoces, no Partido Popular, no Partido Socialista, désígnase a Victoria Morenza, con independencia das suplencias

O Sr. Alcalde toma a palabra: O micro, non tes o micro.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non pasa nada, é dicir, isto está documentado, vai recollerse nos documentos coa acta. Recóllese coma portavoz a Victoria Morenza, con independencia das suplencias, no Partido Socialista. No Partido Popular, María Consuelo Vispo Seara. Xa pero as suplencias poden ser variadas, ou sexa, que fundamentalmente é o portavoz o que hai que dar conta. No Grupo Nacionalista, perdón, no Bloque Nacionalista Galego, Serafín Núñez. E no Grupo Mixto, será de forma rotativa mensualmente, comezando por dona Serafina Varelas e a continuación Ramón Padrón Calviño.

De conformidade co disposto nos artigos 23 e 29 do ROF e tendo en conta a documentación presentada, propónse quedar informado da constitución dos grupos políticos e designación de voceiros, co seguinte detalle:

Grupo do PSdeG-PSOE: Integrado polos 7 concelleiros do PSdeG-PSOE que designan como voceira a Victoria Morenza Doforno e como primeira voceira Margarita Pérez Fernández.

Grupo Popular: Integrado polos 6 concelleiros do Partido Popular que designan como voceira a M^a Consuelo Vispo Seara, coma primeiro voceiro suplente Manuel Angel Fernández Quintas e coma segunda voceira suplente a Isabel Otero Pombo.

Grupo do BNG: Integrado polos 2 concelleiros do BNG que designa como voceiro a Serafín Núñez Pérez e como primeiro voceiro suplente a Carlos González Durán.

Grupo Mixto: Integrado polos cocelleiros de Democracia Ourensana e Compromiso por Galicia que os voceiros serán de forma rotativa mensualmente empezando por Serafina Varela Vieira.

2- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pasamos entón á creación de composición das Comisións Informativas. A proposta da alcaldía é





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Perdón. Con relación ao anterior punto

O Sr. Alcalde toma a palabra: Preguntei se había

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ía dar a palabra pero deulla primeiro a, co tema de orde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O Grupo Mixto quere intervir?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, eu simplemente era porque se dera aclaración aquí do horario do pleno ordinario, que vai a ser pola mañá e non pola tarde, o luns, creo que é.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, vai ser o que está, creo recordar que no regulamento, está marcado o que está marcado. Unha vez ao mes, ás sete da tarde, con horario de verán ou de inverno.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero é outro pleno. Claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah! O do luns? O do luns próximo? O do luns próximo vai ser pola mañá.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Como non se enviou comunicación aos portavoces

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non pode haber convocatoria mentres non estea constituído este concello, por iso están preguntando. Están preguntando e estoulle dando resposta.


A Sra. Secretaria toma a palabra: Ponse no seu coñecemento que o próximo luns terá lugar o pleno ordinario que trasladouse dá tarde á mañá

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por cuestións

A Sra. Secretaria toma a palabra: Por unha razón que é a que xustifica a asistencia, pero que máis dá, que isto sae en actas de vinte folios. Vamos a ver, temos un problema coa aprobación do orzamento. O orzamento o último día para aprobalo, resolver alegacións e aprobalo é o luns. Entón, pola mañá, ten que quedar resolto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Con certificacións e demais.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Efectivamente, con certificacións e con envío de anuncios ao boletín e tal, por iso se sitúa o pleno ás nove e media da mañá. As comisións informativas que teñen que ser antes do pleno, van a ser o propio luns, pois quince minutos antes. O asunto fundamental é a aprobación do orzamento. Algo máis?





CONCELLO DE BARBADÁS

A aprobación do prezo público nada, despois vai a memorias. Vale, hai unha declaración de urxencia e necesidade para a contratación dunha técnico da gardería. Que é unha técnico que xa se contratou en anteriores ocasións, non?, para cubrir unhas, as reducións de xornada que pediron outras catro traballadoras. entón, van eses dous puntos aínda que o obxectivo fundamental, isto metémolo aproveitando a circunstancia pero o obxectivo fundamental é a aprobación do orzamento. E por indicación de intervención pois ten que ser o día 8, si ou si, a pesar da premura. Tendo en conta que non están constituídas as comisións informativas ata que finalice este pleno, pois cando acabe este pleno, faremos a convocatoria. E por iso a facemos, quedan os dous días hábiles no medio que son xoves e venres e o pleno tense o luns. É un pouco atropelado para todo o mundo realmente, pero dende o punto de vista administrativo é, claro, é un pleno ordinario, si, si, ben, esta era a explicación do que vai a haber.

A Sra. Vispo toma a palabra(PP): Vale. Ben, non sei se a información que, ben, bos días a todos e a todas, a información que nos deu agora mesmo a señora secretaria, parécenos correcta. Creo que podemos, esa mesma información pódese nos trasladar a parte o señor alcalde pódenos chamar por teléfono e dicirmos o que está pasando. Non é un problema neste caso do Partido Popular que os prazos, sexan os que sexan, para iso está o grupo de goberno, o señor alcalde neste momento, e que haxa os prazos, pois haber constituído este pleno extraordinario anteriormente. O que si, neste momento se estásenos coartando ao que é o grupo popular a presentar mocións, loxicamente. Se é un pleno ordinario, temos dereito a presentar mocións. Non tñamos coñecemento deste pleno, entón nós, loxicamente, cando queren que presentemos esas mocións?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Respondo eu. Respondo eu. Primeira cuestión, o pleno de constitución é hoxe, pero vostedes saben perfectamente que conforme ao regulamento orgánico municipal, hai un pleno no mes de xullo. Igual que hai no mes de setembro, outubro, novembro e así sucesivamente. Correspondía o día un? Certo, pero non se pode celebrar ese pleno mentres non haxa un pleno de constitución. E dito iso, hai trinta días para celebrar o pleno de constitución. Estamos nos prazos legais que marca a normativa, polo tanto está todo cumprido. Estoulle dando a explicación oportuna e ademais non é ningunha sorpresa tampouco que noutras ocasións tamén se teñen cambiado plenos que eran ao mellor o primeiro día do mes por diversas





CONCELLO DE BARBADÁS

circunstancias. E tamén dito iso repito o que dixo a señora secretaria, as mocións pódense presentar por vía de urxencia e van ser aceptadas. Si, si, queda constancia que se van a aceptar as mocións pola vía de urxencia. Pode quedar constancia aí sen problema ningún. Xa demos conta da periodicidade das sesións do pleno, paso á creación e composición das comisións informativas. Serían, había dez, aquí faltan

A Sra. Secretaria toma a palabra: Nove.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Aquí faltan comisións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que ti tes a antiga

O Sr. Alcalde toma a palabra: Claro, é que teño a antiga, exactamente, perdón. Había dez, pasa a haber nove. Réxime interior e persoal, sería unha. Outra, facenda.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, un momento. A periodicidade das sesións do pleno, ten que ser votada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ten que estar no regulamento.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro, a ver, pero se pode votar, está no regulamento orgánico. Como tal é a norma que regula agora mesmo. Se saíra un voto en contra, se saíra unha votación en contra, había que modificar o regulamento orgánico.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben. Pois votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver, mantemento das sesións do pleno, vota a favor o Partido Socialista, con seis,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Sete.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Espera, sete.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mantemento, claro.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Mantemento. Máis, perdón, a favor, máis o BNG

O Sr. Alcalde toma a palabra: O primeiro luns de cada mes, excepto agosto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Máis, o Grupo Mixto, que ten dous. Polo tanto, sete, oito, nove, dez, once. Vale. En contra?

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstencións? Partido Popular, un, dous, tres, catro, cinco, seis.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e a abstención do PP o seguinte acordo:





CONCELLO DE BARBADÁS

“Periodicidade das sesións do Pleno que serán o primeiro luns de todos os meses, agás agosto”

3. CREACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos polo tanto ao segundo punto da orde do día que é a creación das comisións informativas. Como dicía antes, as comisións informativas ata o momento eran dez, pasan a ser nove, nesta proposta. Réxime interior e persoal. Outra, facenda. Unha terceira, policía local e protección civil. Cuarta, urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade. Quinta, educación, xa se detalla aí que inclúe, escola infantil, escola de música e espazo infantil, cultura e comercio. Seis, en medio ambiente, medio rural, parques e xardíns e patrimonio. Outra sería deportes e mocidade. Outra máis, servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal. E a última sería promoción económica, turismo e formación. Aquí nesta folla ven tamén, infórmase tamén do que é a proporcionalidade, para manter a proporcionalidade nas comisións informativas. A proposta son catro do Partido Socialista, tres do Partido Popular, un do Bloque Nacionalista Galego e outro do Grupo Mixto. Facer mención a que poden acudir ás comisións informativas todos aqueles concelleiros ou concelleiras que consideren, sempre cando collamos na sala de xuntas, como oíntes. Non terían dereito a voz e voto. Imos falar do Grupo Mixto, se un momento determinado queren acudir os dous alguén terá que ser o voceiro ou voceira e alguén máis pode acudir de oínte. Esta é a proposta. Grupo Mixto, ten algo que indicar? Nada. Bloque Nacionalista?

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, bos días a todos e a todas. Dende o BNG estamos de acordo con esta composición de comisións informativas que se nos presentan, estas nove comisións. Entendemos que ten que ser, loxicamente, o grupo de goberno quen designe estas comisións e que independentemente de que noutras legislaturas estiveran algúns servizos englobados noutras áreas de xestión, pois parécenos correcto a disposición que se fai. E tamén estamos de acordo coa proporcionalidade da representación das comisións que se establecen na proposta da alcaldía.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín. O Partido Popular ten





CONCELLO DE BARBADÁS

algunha consideración que facer? Polo tanto procedemos á votación. Votos a favor desta proposta?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Votos a favor? Vota si o Partido Socialista, ben o grupo municipal do Partido Socialista, máis o BNG, cun total de nove votos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Abstencións, Partido Popular máis Grupo Mixto. Oito votos.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto non hai votos en contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale. Perdón. Composición das comisións informativas. A composición das comisións informativas, este é o momento de que nos entreguen a composición de cada comisión informativa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Indicar que polo Partido Socialista son Victoria Morenza, Marga Pérez e Ramón Selas e máis eu.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unha vez que cheguen aquí, eu teño o escrito do Partido Socialista. Ben, dáse conta de que como membros das comisións informativas, por parte do grupo municipal do Partido Socialista, figuran Xosé Carlos Valcárcel, que así mesmo na súa condición de alcalde, ostenta a presidencia de todas elas. Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas, son os membros das comisións informativas por parte do grupo municipal do Partido Socialista. Por parte do Grupo Mixto, forma parte da comisión de réxime interior e persoal, Fina Varelas. Da de facenda, Fina; Policía local e protección civil, Fina Varelas. Urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade, Fina Varelas. Educación, incluída a escola infantil, escola de música, espazo infantil, cultura e comercio, Fina Varelas. Medio ambiente, medio rural, parques e xardíns, patrimonio, Ramón. Si, Ramón, si, Ramón Padrón. Si. Sete, deportes e mocidade, claro, Ramón Padrón. Pois había que traelo postiño. Oito, servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal, Ramón Padrón. Nove, promoción económica, turismo e formación, Ramón Padrón. Vale. Estes son os membros por parte do Grupo Mixto, das comisións informativas. E por parte do grupo municipal do BNG, forman parte das seguintes comisións os seguintes concelleiros. Réxime interior e persoal, coma titular, Carlos González Durán. Facenda, dicimos coma titular porque as suplencias pódense realizar da maneira que vostedes





CONCELLO DE BARBADÁS

queiran, Facenda, concelleiro titular, Serafín Núñez Pérez. Policía local e protección civil, titular Serafín Núñez Pérez. Urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos e mobilidade, titular Serafín Núñez. Educación, cultura e comercio, titular Carlos González Durán. Medio ambiente, medio rural, parques e xardíns e patrimonio, titular, Carlos González Durán. Deportes e mocidade, titular Serafín Núñez. Servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal, titular Carlos González Durán. Promoción económica, turismo e formación, titular Serafín Núñez. Vale, queda autenticado. Fáltanos por recibir información do Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Terana que dicir.

A Sra. Ester toma a palabra: é que teñen que convocar hoxe.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Como, como, como? Non, é que este é o pleno de constitución

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Houbo modificacións incluso na composición das comisións. Acabamos de aprobalas, non estaban aprobadas ata agora. Nós temos que xuntar para decidir quen vai formar parte

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu penso que é posible. Penso que noutras ocasións se fixo.

A Sra. Secretaria toma a palabra Si, iso é totalmente posible. Entón convocamos as comisións informativas como, ao espírito santo convocamos, mañá, hoxe, ás doce e media?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non é problema noso.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pois non se pode ter o pleno de aprobación de presuposto. Vale, un receso. Hai que facer un receso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois que debatan.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, que debatan non. Sal ti. Temos que debater ti e eu.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En que punto estabamos, Silvia?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Na convocatoria. Espera. Vamos a ver, creación e dación de comisións informativas, polo tanto faise constar que a composición das comisións informativas por parte do Partido Popular non é entregada neste momento,





CONCELLO DE BARBADÁS

debido a que houbo unha alteración engadindo dúas comisións informativas, no día de onte, debido a un erro de transcripción. Polo tanto, afirmas que a van entregar mañá, a composición das comisións informativas. Perfecto. Ben, pois entón, a comisión si que non hai que votala. Vótase a creación e cada grupo político, designa os que lle parece.

Proposta das Comisións informativas:

1- Réxime interior: Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas (PSdeG-PSOE). Fina Varelas (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez (BNG). Manuel Angel Fernández Quintas, M^a Dolores Grande Fernández e Nieves Carril Gómez (PP)

2- Facenda; Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Fina Varelas (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez(BNG). M^a Consuelo Vispo Seara, Isabel Otero Pombo e José Luís Dorribo Prado (PP).

3- Policía Local e Protección Civil: Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas (PSdeG-PSOE). Fina Varelas (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez(BNG). M^a Consuelo Vispo Seara, Manuel Angel Fernández Quintas e José Luís Dorribo Prado (PP)

4- Urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade. Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Fina Varelas (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez(BNG). M^a Consuelo Vispo Seara, Isabel Otero Pombo e José Luís Dorribo Prado (PP).

5- Educación (incluídas escola infantil, escola de música e espazo infantil), cultura e comercio. Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Fina Varelas (Grupo Mixto). Carlos González Durán (BNG). Isabel Otero Pombo, M^a Dolores Grande Fernández e Nieves Carril Gómez (PP)

6- Medio ambiente, medio rural, parques e xardíns, patrimonio. Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas (PSdeG-PSOE). Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto). Carlos González Durán(BNG). Manuel Angel Fernández Quintas, Isabel Otero Pombo e José Luís Dorribo Prado (PP).

7 Deportes e mocidade: Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez(BNG). M^o Consuelo Vispo Seara, M^a Dolores Grande Fernández e Nieves





CONCELLO DE BARBADÁS

Carril Gómez (PP)

8- Servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal: Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto). Carlos González Durán(BNG). Manuel Angel Fernández Quintas, M^a Dolores Grande Fernández e José Luís Dorribo Prado (PP).

9- Promoción económica, turismo e formación. Xosé Carlos Valcárcel Doval, Victoria Morenza, Margarita Pérez e Ramón Selas(PSdeG-PSOE). Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto). Serafín Núñez Pérez(BNG). Manuel Angel Fernández Quintas, M^a Dolores Grande Fernández e Nieves Carril Gómez (PP).

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor do PSdeG-PSOE e BNG e as abstencións de PP e Grupo Mixto o seguinte acordo:
“Creación e composición das Comisións Informativas”

3. NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN, ÓRGANOS COLEXIADOS.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben, entón, pasamos ao terceiro punto, nomeamento de representantes da corporación, órganos colexiados.

O Sr. Alcalde toma a palabra: A proposta é consello escolar, Margarita Pérez Fernández. Xunta local de seguridade, Xosé Carlos Valcárcel Doval.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, a composición non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non hai composición. GDR, Ramón Selas Iglesias. E a mesa local de comercio, Margarita Pérez Fernández. Isto é unha dación de contas.

Proposta órganos colexiados:

Consello escolar: D.^a Margarita Pérez Fernández

Xunta Local de Seguridade: D. Xosé Carlos Valcárcel Doval

GDR: D. Ramón Selas Iglesias

Mesa local de comercio: Margarita Pérez Fernández

4- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DE ALCALDÍA

O Sr. Alcalde toma a palabra: Designación de tenentes de alcalde, serían neste caso





CONCELLO DE BARBADÁS

Victoria Morenza Doforno, primeira tenente alcalde; segunda, Margarita Pérez Fernández e terceiro, Ramón Selas Iglesias.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Un momento, no carto, varias cousas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non deixa a plataforma. Vamos, empezamos de novo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, empezamos de novo, non. Son, primeiro designación de tenentes de alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Victoria Morenza Doforno, Margarita Pérez Fernández e Ramón Selas Iglesias.

1- Primeiro e nomeamento de tenentes de alcalde

- Victoria Morenza Doforno
- Margarita Pérez Fernández
- Ramón Selas Iglesias.

O sr. Alcalde toma a palabra: A Xunta de goberno local, está, evidentemente, presidida polo alcalde máis, Victoria Morenza Doforno, Margarita Pérez Fernández, Rafael Sierra Carril e Ramón Selas Iglesias. E a delegación de tenencias de alcaldía

A Sra. Secretaria toma a palabra Presidencia, a presidencia. Presidencia das comisións informativas, permanece na alcaldía.

2- Membros da Xunta de Goberno Local:

- Victoria Morenza Doforno
- Margarita Pérez Fernández
- José Rafael Sierra Carril
- Ramón Selas Iglesias.

3- Presidencia das Comisións informativas, correspóndelle ao Alcalde de forma nata

O Sr. Alcalde toma a palabra: A delegación de tenentes de alcalde e concelleiros sería, facenda, policía local e protección civil, Xosé Carlos Valcárcel. Urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade, Victoria Morenza Doforno. Educación, cultura e comercio, Margarita Pérez Fernández. Medio ambiente, medio rural, parques e xardíns e patrimonio, Rafael Sierra Carril. Deportes e mocidade, Abel Cortés Pérez. Servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal, María Elisabet González Nistal. E promoción económica, persoal, turismo e formación, Ramón Selas Iglesias. Isto é dación de contas.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra É a dación de conta dos responsables de cada área.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, os tenentes da alcaldía, composición da xunta de goberno local e representacións

A Sra. Secretaria toma a palabra Comisións informativas, si, vale, tenentes de alcalde. Non, non, é que as competencias están. Espera un momento. Aquí, isto está mal. Delegación por áreas, o título. Delegación por áreas é o que acaba de ler o señor alcalde. E agora son as delegacións de competencias.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Iso xa o dixen. Facenda, policía local e

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, perdón, perdón. Seguinte, delegación de competencias da alcaldía na xunta de goberno local.

4- Delegación da Alcaldía en Concelleiros:

1- Facenda, Policía local e Protección civil: Xosé Carlos Valcárcel Doval

2- Urbanismo, Infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade: Victoria Morenza Doforno

3- Educación (incluídas escola infantil, escola de música e espazo infantil), cultura e comercio: Margarita Pérez Fernández

4- Medio ambiente, medio rural, parques e xardíns e patrimonio: José Rafael Sierra Carril

5- Deportes e mocidade: Abel Cortés Pérez

6- Servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal: M^a Elisabet González Nistal

7- Promoción económica, persoal, turismo e formación: Ramón Selas Iglesias

5. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, iso é despois. A proposta segue sendo a mesma que estaba vixente ata o momento. Iso hai que votalo ou non hai que votalo?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Mantéñense, mantéñense, non, a ver, o titular da competencia é o único que pode delegalo ou abocar a competencia. Polo tanto, neste caso, o señor alcalde opta por manter o réxime de dedicacións, perdón de dedicacións





CONCELLO DE BARBADÁS

non, de competencias que mantíña a xunta de goberno local na anterior lexislatura. E aparecen enumeradas que son, a aprobación de instrumentos de planeamento, desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así coma os instrumentos de xestión urbanística dos proxectos de urbanización. Sancionar faltas de desobediencia á autoridade. Aprobación de proxectos de obras e servizos, cando sexa competente por razón dos orzamentos. Outorgamento de licenzas, salvo que nas leis sectoriais se atribúan expresamente ao pleno. Ordenar a publicación e execución e facer cumprir os acordos do concello. competencias coma o órgano de contratación, que son as dispostas na Lei de contratos do sector público. Adxudicación de concesións sobre os bens e adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, tamén nos termos establecidos na lexislación. É dicir, cando o seu valor non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin os tres millóns de euros. Devolución de avales e fianzas. Aprobación de certificación de obras. Resolución de expedientes de responsabilidade patrimonial que se interpoñan contra o concello. E estas delegacións, comprenden a facultade de resolución mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluída a facultade de resolución de recursos de reposición. E surtirán efecto a partir do día seguinte á adopción do presente acordo, sen prexuízo da obrigatoria publicación no Boletín Oficial da Provincia. Isto, en canto, ah!, claro, é o punto cinco, a delegación de competencias do alcalde na xunta de goberno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É votable?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, non. Quen delega é o titular da competencia, polo tanto delega e xa está. Non, non, hai unha segunda parte que é a proposta de delegación de competencias do pleno na xunta de goberno local. Tendo en conta que hai unha serie de competencias que a lei atribúe, obrigatoriedade ao pleno, hai algunhas que son non delegables e outras que son delegables. Entre as que son delegables, atópase a aprobación dos prezos públicos, que é a que pola alcaldía, propónse que se delegue na xunta de goberno local, para unha maior operatividade administrativa.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois a única que se pretende recuperar, ou que se pretende que se transfira dende o pleno á xunta de goberno local, sería a fixación e aprobación dos prezos. O motivo, evidente, viviuse ao longo destes catro anos, certa





CONCELLO DE BARBADÁS

problemática pola celeridade e bo funcionamento da administración, sobre todo para eventos puntuais, que non é posible planificar coa inmediatez que se pretende e polo tanto, tampouco fixar o prezo público con esa rapidez. Por exemplo, poden ser excursións. Estamos fixando neste concello, prezos públicos inferiores aos que marca realmente a Xunta, que son superiores, os que ten baremados, en principio a Xunta de Galicia. Sinalar que os prezos públicos o que pretenden é cubrir precisamente, o custe do servizo que se presta, ou do evento que se pretende realizar. Polo tanto, esa inmediatez, a veces é moi difícil de manter para poder fixar ese prezo público. Non ten máis razón que esa para poder dar unha atención rápida e apropiada, acaída para poñer en marcha determinados servizos. Nada máis. O Bloque Nacionalista, perdón, o Grupo Mixto, se ten algunha consideración que facer.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Bo día. Ben, eu entendo que vamos a ter a metade do tempo. Ou sexa, témolo que repartir entre

O Sr. Alcalde toma a palabra: Home, unha primeira intervención cinco e outra tres.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Ben, pero digo eu, os cinco minutos que temos vámoslos a repartir

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ah, os cinco en dous e medio e dous e medio; e o de tres, en un e medio e un e medio. Por min non hai problema ningún.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Salvo que cambiemos entre nós ou queira algún

O Sr. Alcalde toma a palabra: O que queiran dicir en cada momento.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nós temos cinco minutos, repartímolos coma nos plazca. Ben, bos días. Non estamos a favor desta delegación de competencias do pleno na xunta de goberno porque aínda que entendemos que en certas ocasións pois, sexa máis efectivo, aquí van os prezos públicos, o que é o do polideportivo, das actividades. Está tamén o tema dos bono buses. Hai máis cousas que unha simple excursión no verán ou unha simple excursión no inverno. Polo tanto, dende o noso grupo, non vamos a votar a favor disto. Vamos a votar en contra porque entendemos que é delegarlle unha competencia do pleno á xunta de goberno, e coma oposición, coma grupo que estamos na oposición, pois, non queremos que se delegue, queremos que en calquera momento, o grupo de goberno, pois podería cambiar eses prezos públicos sen





CONCELLO DE BARBADÁS

pasar polo pleno. entón, parécenos unha falta de democracia. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Si. Máis ou menos na mesma liña que o meu compañeiro. Pensamos que nós, coma grupo da oposición, queremos participar nas decisións e se se soben os prezos, pois participar co noso voto a favor ou en contra. Polo tanto, estamos en contra de aprobar isto. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista.

O Sr. Sarín toma a palabra (BNG): Si, ben, nós estamos de acordo con esta proposta porque como ben se manifesta a alcaldía, na anterior lexislatura, si tivemos esta cuestión por riba da mesa cando se pretendía realizar algún tipo de actividade, había que a veces esperar a pleno, e iso ralentizaba determinadas cuestións, que a veces era imposible sacar esta actividade en tempo e forma. Polo tanto, entendemos que efectivamente é unha cuestión que é moito máis áxil, que estea en xunta de goberno e non a competencia plenaria. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Serafín Núñez. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): O grupo Popular tampouco está de acordo. Somos o grupo maioritario da oposición. Os veciños puxéronnos deste lado e temos que ser a voz dos veciños, e loxicamente non creo que isto sexa unha delegación para a xunta de goberno porque realmente, pois, temos que, a oposición dar nosa, poñer a nosa voz aquí para que eses prezos públicos non os suban o grupo de goberno, a demanda dese grupo, senón con voz e voto dos veciños de Barbadás. Entón non estamos de acordo porque a democracia é que isto se leve a pleno, non á xunta de goberno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señora Chelo Vispo. Non sei se quere haber unha segunda intervención. Eu creo que explicitarei bastante claramente cales son as razóns. Dicar que agora mesmo, no noso ánimo non está incrementar ningún prezo público, senón que o ánimo é de axilizar. Iso, nada máis. Incluso me podo comprometer a dicir que no momento en que haxa que fixar algún prezo público deste calado, coma por exemplo pode ser este tema das excursións e eventos, o comentarei con todos vostedes.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Eu querería facer un matiz de carácter técnico. Vamos a ver, que non tería que facelo eu porque ten carácter económico, pero os prezos públicos non se fixan aleatoriamente. Van precedidos dun estudo económico realizado por intervención, no cal se distribúen os custes entre o número de beneficiarios dese servizo. Entón, non é aleatoriamente. Nunca poden sobre pasar o custe da prestación dese servizo. O que si pódese facer é ser subvencionados en parte polo concello. Nada máis. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora secretaria. Señor Ramón.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si. Eu quería, resaltar sobre todo que só polo tema de que aquí, nestes prezos públicos, está incluído o tema do bono bus, isto é unha competencia que debería quedar no pleno. No pleno. Pero vostedes deciden xa de primeiras, delegar algo en xunta de goberno, algo tan serio coma é o prezo, os bono buses están incluídos nos prezos públicos. Entón iso débeno saber vostedes. Entón, non se trata aquí dunha excursión a Manzaneda, nin dunha excursión de recreo. Hai prezos públicos que son bastante serios coma para que decida, ou pasemos á xunta de goberno. Pero ben, se hai unha maioría aquí que decida si, serán tamén os responsables e os que teñan que dar conta aos veciños, se algún día se sobe sen contar con este pleno.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Está comentando a señora secretaria que o prezo público

A Sra. Secretaria toma a palabra: Coma o teñen configurado economicamente, pero dende logo o bono bus non é un prezo público. O prezo público é unha actividade que se presta en réxime de concurrencia cos particulares. Por exemplo, clases de inglés, por exemplo, clases de manualidades; por exemplo, actividades, non perdón, a escola de música, si, en principio si sería.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor, non interrompamos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, por favor, volvo a repetir que o bono bus non é unha actividade que se preste en concurrencia cos particulares. É dicir, non, non, non. É dicir non pode estar configurado coma prezo público. Se está configurado coma prezo público está mal. É unha subvención. É unha subvención. A ver, nós, é dicir, o concello, subvenciona

O Sr. Alcalde toma a palabra: Subvenciona parte do prezo.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Subvenciona parte do billete. Ese billete, págo, subministrao unha empresa que presta un servizo, en virtude dunha liña oficial que ten concedida pola Xunta. Ou sexa, hai imposibilidade de concorrencia. É un transporte que se realiza de liña e o concello que é o que fai? Pagar parte dese billete. Iso é a definición de subvención. Eu non teño nin que informar disto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Esta é a proposta. Señora Fina Varelas, quere intervir?

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Nada. Pois dicir o que dixen antes. Que me gustaría que isto quedara a pleno porque como dicía a señora Chelo Vispo, a nós votáronnos uns veciños aos cales representamos e gustaríanos seguir representándoos. Se nos quitan competencias ao final aquí, pouco vimos facer, a oposición. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señor Serafín Núñez? Nada. Voceira do PP, señora Chelo Vispo.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Volvo repetir. Vamos a ver. Os bono buses, dixéronnos que é un prezo público. Vale? Entendemos que leva unha subvención pero é un prezo público, eh!. Entendemos que si.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero, quen presta a actividade?

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vamos a ver, loxicamente, Silvia eu non vou discutir contigo, vale? Quen sabe es ti máis ca min. A ver, eu non vou discutir contigo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, estou tentando chegar á cuestión.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): A ver, dixéronnos, nós vimos ao pleno co coñecemento dunha serie de cousas. entón, a ver, eu non vou discutir coa señora secretaria. Entendes? Vamos a ver. As cousas coma son. Nós, o que dixemos ao principio. É unha competencia, vale?, os prezos públicos, o que di o señor alcalde, pode estar de acordo con el nalgo urxente, que sexa unha excursión ou que haxa algo momentáneo. A ver. Os grupos de goberno, perdón, o grupo da oposición neste caso o Partido Popular nunca se poría en contra e nunca nos puxemos en contra nos catro anos, de calquera tema de urxencia que trouxeran para algo en beneficio dos veciños, tanto unha excursión ou o que fóra, unha clase de inglés. Agora o que non vamos a estar, e vostedes terán que dar conta aos veciños no seu momento, se isto se vai aprobar polo que vemos que si, que o Bloque Nacionalista, dixo que si, entendemos que teñen que





CONCELLO DE BARBADÁS

dar conta aos cidadáns porque a oposición, neste caso, non vai ter nin voz nin voto en ningún dos prezos públicos. Que quede claro. É bono buses, ou as clases de inglés, ou as clases de apoio, ou os prezos da piscina ou do polideportivo, que se poden subir en calquera momento, e que dixo vostede que se comprometía que non os ía subir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dixen que non están no noso ánimo. Dixen literalmente iso.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Ben, pero son catro anos de goberno, señor alcalde. Vale? Entón, ese compromiso queda gravado. Pero que se suba ou non se suba é competencia neste momento da xunta de goberno, cousa que nós non estamos de acordo, no noso grupo do Partido Popular porque entendemos que o que dixen no principio, puxéronnos aquí os cidadáns para ter a súa voz, e neste momento non a teríamos. Non estamos de acordo. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: De acordo, señora Chelo Vispo, moitas grazas. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista máis BNG.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos en contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Grupo Mixto máis Partido Popular.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Polo tanto non hai abstencións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Queda aprobado.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG e os votos en contra de PP e Grupo Mixto o seguinte acordo:

“Delegación de competencia do Pleno na Xunta de Goberno Local: aprobación dos prezos públicos”

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao réxime de dedicacións e retribucións. Perdón.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Eu penso que o punto terceiro non se puido votar

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, é que non se vota. Iso é unha dación de contas. É unha dación.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, é unha proposta, eh.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vótase entón? Eu preguntei se había que votala.





CONCELLO DE BARBADÁS

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si que había que votala. Efectivamente. É que aquí estamos saltándonos cousas. efectivamente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O punto 3 ven sendo, nomeamento de representantes da corporación en órganos colexiados. No consello escolar, Margarita Pérez Fernández. Na xunta local de seguridade, Xosé Carlos Valcárcel Doval.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pódese votar a proposta en conxunto, pódese votar cada designación individualmente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: No GDR, Ramón Selas Iglesias. E na mesa local de comercio, Margarita Pérez Fernández. Algunha apreciación ou consideración sobre isto?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Estamos a votar ... por partes.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pódese votar por partes ou pódese votar...a ver podeades manifestarvos, neste senso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero votar por partes, todo o punto?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, se se vai aprobar, o votalo por partes é un pouco, é dicir

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entón afectaría á creación das comisións informativas

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Só dos órganos colexiados.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que son designacións individuais, claro. Entón ao mellor poden considerar que unha persoa non é a axeitada para un determinado

O Sr. Alcalde toma a palabra: Entendín.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben, coma queirades. Se queredes, para acabar votámolo un por un e xa está.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Votos a favor de

A Sra. Secretaria toma a palabra: Do consello escolar.

O Sr. Padrón toma la palabra (Grupo Mixto): Eu quero intervir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois interveña. Interveña.

O Sr. Padrón toma la palabra (Grupo Mixto): Eu vou a intervir agora porque así despois xa non vamos a intervir máis porque isto metémolo no mesmo, aínda que só é unha votación a parte do que ven despois no punto 5 e 6, metémolo no mesmo paquete. Entón, ben, refírome á explicación que vou a dar. Nós para seguir a liña que expresamos





CONCELLO DE BARBADÁS

no debate de investidura, dixemos que dende un primeiro momento, unha vez celebradas as eleccións, que non houbo maioría absoluta neste concello, o noso grupo, Compromiso, pois expuxo que estaba disposto a colaborar nun goberno deste concello porque entendemos que sen o noso concurso dentro do goberno do concello, hai moita, isto non vai a cambiar nos graves problemas que existen aquí nesta institución. Non vemos que, ou non pensamos que o Partido Socialista por si só, vaia resolver estes problemas en moitos aspectos que afectan á cidadanía deste concello, entón, polo tanto, non estamos de acordo coa composición do goberno e porque non é o goberno que nós cremos que debería gobernar Barbadás. Polo tanto, vamos a votar en contra, seguindo esa liña e oxalá esteamos equivocados e este goberno que decidiron vostedes facelo en solitario e en minoría, pois, teña éxito, porque entón o beneficio será para os veciños. Pero, coma nós, en principio, mostrando aquela liña do debate de investidura, pensamos que non vai a ser así, pois temos que votar en contra, tanto da proposta de agora, non quere dicir que esteamos en contra de que tal persoa estea en tal órgano ou non. É simplemente, unha reflexión en xeral e en base a aquela liña que expuxemos, pois entón está claro que non podemos votar a favor, porque xa dixemos que para nós o goberno en minoría, este concello só do Partido Socialista, non vai a resolver os graves problemas que afectan aos cidadáns. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón. Señora Fina Varelas, quere intervir? Non. O Bloque Nacionalista?

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben, dende o BNG entendemos que efectivamente ten que ser as persoas que se responsabilizan de distintas áreas de goberno quen deben representar á institución nestes órganos, non? Entón, concordamos coa proposta porque nos parece de responsabilidade que sexa así.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois moitas grazas. O Partido Popular, por favor. O voceiro ou voceira.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Nós cinguíndonos á proposta da alcaldía de designación de representantes nos órganos colexiados, temos que facer dous resaltamentos. Vamos a ver. Si ben entendemos que no GDR, no consello escolar e na mesa local de comercio, se non nos trabucamos, polo propio regulamento, soamente permite a representación dun membro do concello, neles. Pero sen embargo, non é así





CONCELLO DE BARBADÁS

no caso da xunta local de seguridade. Penso recordar que si caben máis membros do concello. É dicir, nós sendo coherentes coa proposta que trouxemos no pasado ano, para que todos os representantes de cada un dos grupos puidera participar nesa xunta local de seguridade, vamos a votar esta proposta en contra. Porque así, queremos resaltar a posibilidade de que caben máis membros na súa representación e sería moi axeitado que estivera cada un dos representantes dos grupos. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Agora mesmo, simplemente dicirlles que podo aceptar esa suxestión e poden, que tomen nota se queren, ou se consideran que deben tomar nota de secretaría para que convoquen a todos os grupos ás reunións da xunta local de seguridade. Non hai inconveniente ningún. Ou sexa que cando se convoquen avísanse e vostedes terán que designar cada un de vostedes a un representante e non hai ningún problema en que calquera grupo político que teña interese en acudir á xunta local de seguridade, poida acudir. Un momentíño. Non sei se teñen que designar a alguén ou...?

A Sra. Secretaria toma a palabra: O representante da corporación é netamente o alcalde, salvo que delegue.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Evidentemente, eu non o vou delegar, vou acudir. Pero, eu non sei se calquera outro membro da oposición pode estar ou non.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Se queren acudir, poden acudir, igual que a garda civil trae a tropecentos. É dicir, en lugar de elixir dous, veñen catro, a veces.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, uns cantos, si. Pois trátase de que se convoquen e se acuden ou non acuden.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Igual que dende a delegación do goberno veñen expertos de cada área ou todo iso, e tamén veñen tres, catro. Iso si, pero o representante oficial é sempre o alcalde.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu, o que estou facendo mención é a que estou disposto, ou estamos dispostos a que calquera membro dos grupos políticos da oposición, participen na xunta de goberno local. E cando sexa convocada, a xunta de goberno local, perdón, a xunta local de seguridade, e convocaráselles a vostedes, e entendo que por cada grupo político debería acudir un, non máis. Se é que queren acudir. Se non queren acudir, están na súa liberdade tamén. O compromiso é ese, que se





CONCELLO DE BARBADÁS

lles convoque e acuda un representante ou unha representante, representante, perdón, un representante por grupo político.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Si, si. Coma é a primeira non queren volver.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Algunha intervención máis.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Entón, quedamos niso. É dicir, o representante nato, que neste caso é o alcalde e despois, acórdase, conxuntamente, convocar aos portavoces, poñemos. Ben, ao portavoz que deleguen

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non, no noso caso, poderíamos ir os dous.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Deberían designar un deles, entendo eu. O grupo mixto é un grupo político.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Pode ir calquera membro da corporación.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Un por grupo, Ramón.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a matizalo. Coma é unha reunión que se celebra na nosa propia casa, agora se se celebrara na subdelegación de goberno non íamos ir un exército, facemos o ridículo. Institucionalmente facemos o ridículo. Pero como se convoca na nosa propia casa, pois oe, dá igual que sexan doce persoas as que veñen, porque veñen, policía local, garda civil

O Sr. Alcalde toma a palabra: Da garda civil veñen tres ou catro, veñen representantes de violencia de xénero.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Xunta de Galicia, policía autonómica, ou sexa, isto é coma unha verbena. Entón, coma é na nosa casa, non importa que acudan os voceiros de cada grupo municipal. E se o alcalde decide que polo grupo mixto, pois poden acudir os dous, pois que acudan. Agora, isto todo é excepcional. Isto todo é excepcional.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Será o máis normal.

O Sr. Alcalde toma a palabra: É excepcional señor Ramón, está dicindo a señora secretaria. Centrémonos no que está dicindo. É excepcional.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É excepcional. Agora, que é posible. O mesmo ca nas comisións informativas que poden acudir todos os concelleiros que queiran e caiban coma oíntes, agora o voto vaino ter quen o vai ter. Pero a posibilidade de expor cousas,





CONCELLO DE BARBADÁS

que o alcalde diga, ben, pois aquí queremos que a oposición comente os temas

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): A ver que di o alcalde, se considera que nós debemos ir os dous ou debe ir un só.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois iso decidirano vostedes no seu momento, que ao mellor cando se convoque, igual algún non pode vir, ou algunha non pode vir ou poden vir os dous. Dixen que o decidan vostedes. Se queren vir os dous, veñan.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vale. É que estaba dicindo antes que

O Sr. Alcalde toma a palabra: O normal sería que viñera un por grupo

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): É que somos un grupo pero

O Sr. Alcalde toma a palabra: Agora imaxínense aquí que

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Señor alcalde, unha cousa é que sexamos un grupo onde legalmente

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ramón, pero vólvolle repetir. É que o que está dicindo a señora secretaria é que o único que debe estar é o alcalde. E estáselle facendo unha concesión, non sei se o acaba de entender. Non pida, non pida isto, non pida que lle dean isto e pida isto. Hai que ter un pouco de sentido común tamén.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Vostede non me entende.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, entendo perfectamente. Voulle responder agora. Se houbera cinco concelleiros, porque houbera aquí dez partidos e houbera cinco concelleiros que participaran no Grupo Mixto, tamén viñan os cinco. Un pouco de sentido común. Non collen na mesa de reunións.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non é o caso.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non é o caso, pero podería darse. Entón, un pouco de sentido común. Non teño ningún inconveniente a que veñan os dous. A que veñan os dous.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Estamos os mesmos portavoces que fai tres semanas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non teño ningún inconveniente a que veñan os dous pero creo que a argumentación falla, señor Ramón. A argumentación falla un pouco. Ben, están os dous. Se queren vir os dous, veñan os dous.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): É o máis lóxico.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois que voten en contra, é igual. Que voten en contra. Ramón, Marga. Votos a favor desta proposta?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unanimidade.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que votamos de un en un ou da proposta no seu conxunto? Conxunto? Veña.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Se vai haber unanimidade é unha tontería andar facendo catro votacións.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non, nós anunciamos que vamos a votar en contra.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Claro, e votaron a favor.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero, ao votar en contra, ah! Claro

O Sr. Alcalde toma a palabra: A ver. Votamos a proposta de un en un ou votamos a proposta conxuntamente?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Conxuntamente

O Sr. Alcalde toma a palabra: Conxuntamente, veña

A Sra. Secretaria toma a palabra: Entón, votos a favor da proposta? Todos menos o Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra? Abstención?

A Sra. Secretaria toma a palabra: En contra, espera, Ramón. E abstención, Fina Varelas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, a abstención de Serafina Varelas Viera (Grupo Mixto) e o voto en contra de Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto), o seguinte acordo: **“Nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados (convocando aos grupos políticos á Xunta local de seguridade)”**

6. DEDICACIONES E RETRIBUCIÓN

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ao seguinte punto, réxime de dedicacións e retribucións. A proposta que se fai dende a alcaldía é a seguinte, ah!, non, esta non é. Dedicacións exclusivas, habería catro. Son, neste caso, Victoria Morenza Doforno,





CONCELLO DE BARBADÁS

coma tenente alcaldesa, responsable de urbanismo, infraestruturas, vías e obras, servizos públicos, vivenda e mobilidade, 2.336 €. Don Abel Cortés Pérez, responsable da concellería de deportes e mocidade, 1.550 €, ao igual que José Rafael Sierra Carril, que sería responsable das concellerías de medio ambiente, medio rural, parques e xardíns e patrimonio. E tamén coma María Elisabet González Nistal, que é responsable das concellerías de servizos sociais, igualdade, sanidade e participación veciñal. Intervencións, cinco minutos, o Grupo Mixto.

A Sra. Secretaria toma a palabra: perdón, dedicacións exclusivas e retribucións, si.

O Sr. Alcalde toma a palabra: dedicacións exclusivas e retribucións, si, xa

A Sra. Secretaria toma a palabra: Asignación a grupos políticos e por asistencia. Vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Falo entón das

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro

O Sr. Alcalde toma a palabra: É outro punto, non é?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non

O Sr. Alcalde toma a palabra: Son dous puntos diferentes.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Aquí aparece un. Haberá que tratalo por partes.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Aquí aparecen dous.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Na convocatoria non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois eu teño dous, na impresa teño dous

A Sra. Secretaria toma a palabra: Esta plataforma tampouco nos deixa facer as convocatorias coma hai que facelas. Claro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Hai dúas aquí.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ben, en primeiro lugar, son cuestións diferentes. Poden estar de acordo cun dos grupos e poden estar en desacordo coas dedicacións. Entón empezamos coas dedicacions. Vale.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa as mencionei, creo que todos quedaron decatados. Non é así.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dedicacións.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si. Intervencións, cinco minutos, Grupo Mixto.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nada, eu, non, ou sexa, repetir o que





CONCELLO DE BARBADÁS

dixen noutro punto, polo tanto, cédolle a palabra a miña compañeira.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina Varelas? Nada. O voceiro do Bloque Nacionalista, por favor.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): Ben. No BNG entendemos que se debe dignificar a vida política. Entendemos que unha concelleira ou un concelleiro, dedicada a tempo completo a xestionar unha área de goberno neste concello, debe ter un salario digno. O Bloque, o BNG, sempre defendeu isto. E ben, poderíamos falar de pasado, pero como sucedeu por exemplo na anterior lexislatura, que espero que se sega nesa dinámica na seguinte, onde os concelleiros liberados, pois, moitas veces abríamos servizo, pechábamos servizo. Estabamos aí, traballando no día a día, entendo que é normal que unha persoa que está dedicada a tempo completo, teña unha retribución acaída, como pode ser a que se propón. Entendemos que o esforzo grande neste concello xa se fixo no 2015, cando pasamos de, conseguimos aumentar as dedicacións onde había unha dedicación a xornada completa e tres parciais, que puideran supor unha media de dúas, dúas dedicacións e media completas, onde pasamos a cinco, dedicacións completas. Ese foi o esforzo. E onde, onde se pasou a dobrar en dedicacións e onde se fixo unha redución, onde se cometeu unha redución salarial cunha redución aproximadamente dun 21%. Ese foi o esforzo e foi, digamos o cambio importante que se fixo neste concello. Entendemos, que os salarios que se propoñen son acaídos e que por coherencia política, pois, estamos de acordo co que se nos trae hoxe a aprobación. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Rematou entón? Si? Ten a palabra a voceira ou voceiro do Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): En canto ás dedicacións exclusivas non imos a dicir nada. Non está conxunto, entón?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, van en dous puntos. Son dous puntos. De feito na impresión si que figuran os dous.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: nada que perdoar.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Era do outro tema onde quería puntualizar. Neste tema de dedicacións exclusivas e retribucións non vamos dicir nada.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Chelo Vispo, polo tanto se non





CONCELLO DE BARBADÁS

hai...Si, quere falar de novo? Si.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, vamos a ver, polo que se ve vai saír aprobado porque o Bloque Nacionalista Galego manifestou a súa conformidade. Dicur que, ben, que a redución que na anterior lexislatura, foi unha proposta de Compromiso, de reducir as asignacións aos concelleiros. Quero facer unha pequena reflexión. Nós tamén consideramos que unha persoa debe cobrar un salario digno e xusto para o traballo que desenvolve. Quero facer unha reflexión porque quero, aquí, porque é así por lei e ten que ser así, poñemos soldos antes de ver o traballo das persoas. Vostedes pensen na empresa privada. Por poñerlles un exemplo, un traballador dunha canteira, que non está moi lonxe de aquí, chega a traballar ás oito da mañá, escoita ruído, pasa frío, pasa calor, continuamente pasan máquinas cerca e traga polvo. Traballa de oito a nove e media, a nove e media comen o bocadillo ata as dez, e ás dez traballan ata a unha, comen ata as dúas e media e de dúas e media a sete. Eses traballadores gañan 1.200 €, ou non chegan a eles, mil cento e pico, por lei. Polo tanto, quero facerlles unha reflexión, que aínda que efectivamente coma dixo o compañeiro do Bloque Nacionalista Galego, todo o mundo ten dereito a cobrar un soldo digno, é así, quero que fagan a reflexión que somos, as persoas que collen unha dedicación exclusiva, un cargo público, son privilexiados porque se lle asigna un soldo antes de ver o seu traballo. Entón, é simplemente unha reflexión. Con isto non vou dicir que ninguén mereza o soldo que vaia percibir polo traballo que vai realizar, pero enténdano así e traballen para que realmente ese soldo, pois, sexa xusto coa labor que van a desenvolver en favor dos veciños. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas, señor Ramón.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Señor alcalde, quería dicir unha palabra, se me permite un minuto. Democracia Orensana, neste caso eu, non estou moi de acordo cun tema que me pasou con vostedes na primeira reunión que tiveren con vostedes, falábaseme que dona Victoria Morenza, ía cobrar 1.600 €. Na segunda reunión, pasou a 1.800. Eu penso que a xente cando traballa ten que cobrar e cobrar axeitadamente ao traballo que realizan. O que a min non me gusta, é que cando se me di unha cousa, ao cabo dunhas semanas se me di outra, porque extrapolo ao meu negocio, cando eu digo un prezo dunha cousa e ao cliente ao cabo dunha semana, dígolle o prezo





CONCELLO DE BARBADÁS

outro, nunca sae venta. Pois isto, espero que de aquí para adiante, haxa un pouco de ética e coherencia e cando se nos informe, se nos informe realmente do que vai a ser. Non estou en contra de que cobre 1.800 €, para nada, que quede claro, pero si estou en contra das formas, porque eu, irónicamente díxenlle, ben, empezamos en 1.600, esta reunión 1.800 e para o pleno, que van a vir 2.000? Entón, o meu voto vai ser abstencións porque coma mo plantearon vostedes. Non me gusta a forma. E volvo dicir que 1.800 € paréceme axeitado para unha persoa que traballa. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Algún grupo quere intervir de novo? Falando de formas, señora Fina Varelas, o que lle agradecía é que tamén gardara as formas vostede, porque cando veña a unha reunión co alcalde non vaia con presas e se teña que largar á metade da reunión. Iso tamén son formas, señora Fina Varelas. Claro, e eu tamén, e eu tamén. Todos temos de que vivir. Pero entón as formas, gardémolas todos. E se houbo unha modificación en relación ao importe, é porque houbo unha redefinición de áreas entre nós. De acordo? Pero díxoselle cal sería o importe, pero as formas valen para todos. Se vostede toma a mal que houbo, era unha forma de información, un defecto de información, ou unha modificación de información, eu tamén podería tomar a mal que a unha reunión co alcalde se veña con dez minutos e se escape despois. Ben, pero marchou, que a reunión proseguiu despois. Entón falemos das formas de todos. Vale, pero eu non a dera por resolta e por levantada, que seguía falando

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Non estea tan susceptible que eu teña a miña opinión, se a vostede non lle gusta

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero, señora Chelo

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Señora Chelo, non. Non empece con señora Chelo,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señora Fina, eu non empecei esta diatriba, empezouna vostede. Entón, falo de formas, nada máis.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Mire, eu podo opinar coma concelleira. Non me gustaron as formas e punto. Volvo a dicir, que non é porque ela cobre ese soldo. Para nada. Olo. Eu son coherente co que digo. Eu dixen, paréceme ben que se suba os soldos aos concelleiros. A primeira persoa que o dixen.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Alcalde toma a palabra: Así é.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Agora, as formas, non, porque eu estou dedícome a un negocio onde un importe é un importe. Teño ese defecto profesional. Coma se ten que cobrar 4.000 € ao mes, non me meto. Agora, gústame que se me informe porque se eu me informo da primeira vez, son consecuente, agora as cousas así, non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pero a min tampouco me gustan as formas en algún momento. E non ía dicir nada ata que vostede o mencionou. Pero tampouco, xa que falamos de formas, eu tamén falo de formas. Tampouco me gustou.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Paréceme estupendo. Non me cambie o nome, agradézollo encarecidamente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu, pídolle desculpas. Votos a favor desta proposta?

A Sra. Secretaria toma a palabra: A ver, votos a favor desas dedicacións con eses importes. Vale. Partido Socialista, máis BNG, votan a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular, máis Grupo Mixto, votan

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Non, Grupo Mixto non.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, Grupo Mixto, non. Fina Varelas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Perdón, Partido Popular, máis Fina Varelas, votan abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra? Señor Ramón Padrón.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ramón Padrón, vota en contra. Non, é que sabes o que pasa, que eu chamábate Ramón Piñor, sempre.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois é Ramón Parada.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Para min es Ramón Piñor, entón doume conta que iso é coma eu te identifico, pero non é...Ramón Padrón, si, é verdade.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos, que agora Ramón Piñor aquí, hai máis persoas de Piñor. Pero Ramón, Bentraces, vai ser.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non dixen Ramón Brasil, dixen Ramón Piñor, por aí cerca.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de





CONCELLO DE BARBADÁS

PSdeG-PSOE e BNG, asbención PP e Serafina Varela Vieira (Grupo Mixto) e en contra Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto) o seguinte acordo: “ **Dedicacións e retribucións**”

5. PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA SOBRE ASIGNACIÓNS A GRUPOS POLÍTICOS E INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIA.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Asignacións, pasamos ao seguinte punto que é asignacións a grupos, indemnizacións asistencias ás sesións. Ás sesións.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale, agora procedemos á proposición de alcaldía sobre asignacións a grupos políticos e indemnizacións por asistencia.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Neste caso, non hai modificación no que é o importe que percibiría o alcalde por asistencias a plenos, xuntas de goberno, comisións informativas, nin xunta de portavoces. Hai modificación no que afecta a concelleiros e concelleiras que non teñen dedicación exclusiva e aos grupos da oposición que pasaría de 100 a 125 €. E a proposta tamén contempla que as asignacións a grupos políticos en lugar de ser 250 € pasen a ser 300; máis 30 euros por cada concelleiro ou concelleira, cando antes eran 25 €. Entón, ten a palabra o Grupo Mixto, o seu voceiro ou a súa voceira.

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Nada, a mesma reflexión que fixemos ao principio e polo tanto, imos a votar en contra. Nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O Bloque Nacionalista?

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): A ver, dende o BNG, entendemos, tal e coma reflexionamos no anterior punto, da dignificación da vida política, que as subas, en todo caso que se propón, que son coma unha actualización de prezos, por facer un símil, entendemos que hai un grupo político menos, polo tanto hai que compensar dalgunha maneira, a constitución dese Grupo Mixto, polo tanto, entendemos normal que se suban eses 50 € ao mes, para asignación de cada grupo. E que ben, nós, loxicamente non vimos aquí a unha feira a regatear se son 10, 50 ou 60 € máis. Entendemos que dentro da dignificación da vida política, é normal que se poidan subir estes prezos na liña do que se propón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira ou voceiro do





CONCELLO DE BARBADÁS

Partido Popular.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Xa na anterior legislatura, nós o Grupo Popular, todos somos coñecedores das salas que temos abaixo para a dedicación de cada grupo e o que si lle vamos a pedir ao señor alcalde, noso voto vai en función diso, nesta proposta de alcaldía, de que os medios tecnolóxicos que temos nas salas abaixo, non son os que deberíamos de ter. Entón, pois, facemos unha petición agora mesmo, de que se nos poña, nós pedímolo para o Partido Popular, pero se podemos ter unha fotocopiadora conxunta, fora das salas para todos, pois, a ver. O que estou pedindo non é nada que non se poida facer. E despois, o ordenador que hai abaixo, pois non é consecuente co que temos que ter. Non, é que de feito non funciona. Vale?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero, transmítano por escrito. Agradézollo. Eu por exemplo non podo saber que non funciona o ordenador. Entendámonos.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, nós o que queremos é que os medios tecnolóxicos para cada, neste caso estamos reivindicándoo para o Partido Popular, pero entendo que hai tres grupos máis na oposición neste momento. Entón, de dignidade é que realmente, pois eses medios tecnolóxicos funcionen; que sexan axeitados a que poidamos prestar eses servizos á cidadanía, cando teñamos que imprimir; ou cando teñamos que, pois facer calquera escrito, que calquera do noso grupo, que non teña, pois neste momento un ordenador na súa casa, poida facilitar. Cal é o problema disto? Que necesitamos un acceso pola tarde, loxicamente. Nós polos nosos traballos pola mañá non podemos acudir a estas salas, entón, entendemos que nos deben de facilitar para poder acceder a estas salas cando nós poidamos. Despois dos nosos horarios de traballo. Entón, queda enriba da mesa esta petición do Grupo Popular, para que estes medios tecnolóxicos, pois sexan postos a disposición dos grupos da oposición. Neste momento, pedímolo para o Grupo Popular, pero creo, imaxino que será, os demais grupos poden opinar, e creo que é, entón, que nos faciliten estes medios cando poida ser. Do demais, estamos de acordo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Podo facer un inciso?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Nada, coma supoño que non haberá unha segunda rolda de intervención, porque isto máis ou menos está claro

O Sr. Alcalde toma a palabra: A non ser que ninguén queira intervir, evidentemente.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non, non, entón esperamos á segunda rolda de intervención.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pois entón, con carácter previo á segunda rolda de intervención, quería anunciarlles, eu, tendo en conta que algúns son novos, que existen unhas tablets a disposición de cada concelleiro, para a consulta vía telemática das convocatorias dos plenos, dos contidos da orde do día, as comisións informativas, e da documentación. Ou sexa, que en principio, poden pasar por secretaria, esténdeselles un recibo de entrega e ben. Iso para quen queira utilizalas. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: en relación ao que di a señora Chelo Vispo, a voceira do Partido Popular, entendo que ten toda a razón do mundo. Eu descoñecía cal é a situación dos grupos políticos en canto aos medios informáticos. E en función do crédito dispoñible, pois podemos mirar o de instalar unha fotocopiadora normal, no que é o acceso no pasillo. E insisto

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero non é impresora?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, falou dunha fotocopiadora tamén. Unha compartida, falou vostede.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Non, non, si, si, se a impresora e a fotocopiadora poden ser compartidas, dáme igual

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu entendo, persoalmente entendo que podería ser viable, unha impresora pequena de sobremesa e unha fotocopiadora compartida. Mentres que a impresora fora pequena en cada grupo. Algunha intervención adicional? O do acceso pola tarde, francamente eu non o vexo, agora mesmo.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Iso hai que estudialo.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O horario do concello é o que é, e todos temos a disposición no noso traballo, ou ademais, conforme di a lexislación, dun 20% da nosa xornada, para os que traballamos na empresa privada. Non digo os que traballen coma autónomos. Iso, aí xa non podo opinar. Pero os que traballamos na empresa privada ou na función pública, temos un tempo acaído para acudir ás nosas xestións a nivel cargo público. No meu caso, eu falo de min, eh! Eu non teño necesidade ningunha convocatoria. Non sei. Pero eu supoño que se pode xustificar a presenza por diversas labores, non o sei, non o sei. Iso habería que velo. Comito á señora secretaria, invito á





CONCELLO DE BARBADÁS

señora secretaria a analizalo, cominar queda así un pouco, moi feo

A Sra. Secretaria toma a palabra: Coma vou dar fe de

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non sei, ao mellor hai unha lexislación básica a ese efecto. Non o sei. Non o sei.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Efectivamente teñen razón no que están afirmando das convocatorias, das reunións, os órganos e todo iso, efectivamente, claro que ... porque actúo coma fedatario. Eu na miña vida privada non actúo coma fedatario do alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non falo diso. Eu do que estou falando é da posibilidade de que a lei, na lexislación básica, fóra do que é un convenio colectivo. Eu, no meu caso falo dun convenio colectivo no que si se contempla unha dispoñibilidade de tempo. Non sei se iso é por convenio ou se é porque o recolle unha lexislación. Non o sei.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Incluso nese 20%, pódese

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu, creo que hai unha lexislación, perdón.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Incluso nese 20% pódense incluír a asistencia a oficinas municipais para desempeñar traballo de concelleiro para asistir a unha reunión, para asistir a reunións con veciños nas que non hai fedatario público. Pero iso sería en horario laboral. Outra opción que se podería estudar, xa pasa pola necesidade dun segundo conserxe, en xeral.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Creo que hai outras máis prioritarias no concello.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, pero non é só para abrir aos grupos municipais. É para locais sociais, cousas que iso está en estudo, aínda. Instalacións deportivas, determinadas cousas. nese momento igual podíamos ter un porteiro pola mañá e un pola tarde que se desprazase aos sitios. Pero claro, iso está en estudo, aínda. Non é unha solución inmediata.

O Sr. Alcalde toma a palabra: O que nos podemos comprometer, é que en función do crédito existente se poida, o da impresora e o ordenador, evidentemente non é algo que se vaia de nai, por dicilo dalgún xeito vulgar. O da fotocopiadora é para analizar, a ver que prezos teñen e que posibilidades hai en canto á disposición crediticia. Entendo que non debería haber problema pero aquí, agora, non o podo dicir, sen máis, tampouco.





CONCELLO DE BARBADÁS

Algunha intervención?

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Si, nós dicir que nos sumamos á proposta que fai o Partido Popular para que haxa nesta casa, para os concelleiros que nun momento dado veñan aquí, pois que teñan os medios a disposición, para facer calquera tipo de trámite. Por tanto, vámonos, sumámonos a esa petición. Por dicir algo máis, coma vendo tamén a intervención do Bloque Nacionalista, que vai tamén a apoiar este punto, entendemos que a proposta que se fixo por parte do grupo de goberno ao principio, do que ían ser as dedicacións e outra serie de, que veñen na orde do día de hoxe, pois, parece ser que tivo o apoio do Bloque, polo tanto, puxo as súas condicións, porque a proposta que tiña o grupo do Partido Socialista, é diferente ao que veu ao pleno. Entón, pois simplemente deixar esa reflexión que a proposta era maior, nalgunhas cuestións e entendemos aquí que o Bloque, foi o que puxo condicións para apoiar esta proposta porque os soldos, ou sexa, hai tres dedicacións exclusivas que non soben, só suben 25 € polo que entendemos, que é o que a suba dos 25 € a cada concelleiro, e o señor alcalde que tamén sería unha suba de 25 € reténselle e quédase nos 150 que tiña anteriormente. A nosa idea, se nos dixo que había outra persoa máis que tamén ía ter dedicación, e non aparece aquí, polo tanto, quero dicir que non sei, coma non escoitei do grupo Socialista dicir nada de que isto viña un pouco pactado, pois querémolo poñer enriba da mesa. E nada máis.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois ben. Vamos a ver. A mesma proposta que se fixo a vostedes foi a mesma que se fixo ao Bloque, ah! Perdón.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Señor alcalde, téñolle que dar a razón ao señor Padrón porque non é iso. Na reunión que vostede me dixo que eu botei, que marchei correndo pouco menos e botei unha hora alí, propúxonos ao señor Ramón e a min algo que a este pleno non veu. Polo tanto, cabe de lóxica que planteoullo ao BNG e BNG púxolle as condicións porque vostedes querían outra cousa. Non vou entrar nese tema, pero, non lle diga ao señor Ramón Padrón que non é así porque eu estaba presente.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non ía dicir iso.

A Sra. Varelas toma a palabra (Grupo Mixto): Non, pero ben, xa vía por onde ía ir vostede. Xa o vía vir. Dicir que súmome ao, señora Chelo Vispo, ao Grupo do Partido





CONCELLO DE BARBADÁS

Popular por un motivo de lóxica. E a lóxica é que eu e don Ramón Padrón agora somos Grupo Mixto e o diñeiro que temos témolo que dividir entre os dous grupos, Compromiso e Democracia Orensana. Por tanto, 300 € dividido entre dous partidos, tocamos a 150 €. Eu, irónica mente dixen o outro día, que, irónica mente, quero aclaralo que iamos ter que alugar unha praza de garaxe, na Valenzá, para atender aos veciños. Porque, eu, se vós sabedes, durante estes catro anos, aos veciños de Barbadás, atendinos na miña oficina privada, en Ourense, e non teño por que poñer instalacións privadas, para o concello de Barbadás. Entón, co diñeiro que nós temos, 150 € cada un de nós, danos para pouco. Danos para alugar un garaxe. Entón, coma o noso non vai ser posible porque non vou a convocar a ningún veciño a un garaxe porque sería deixar ao concello polo chan, si lle digo que nos habilite un local abaixo, en condicións dignas, coma teñen vostedes arriba, en condicións dignas, que saquen o diñeiro de onde vostedes queiran, pero vostedes a nós téñennos que deixar representar ben aos nosos veciños, e non, metelos en cuchitriles ou falar con eles na rúa, porque entenda, non é o mesmo ter 300 € cada un de nós porque podes alugar un local na Valenzá en 250, ca ter 150. Dígollo o que lle dixen a vostede. Realmente, darnos máis, ben, a min non me afecta persoalmente. O que me afecta é poder recibir aos veciños que queiran falar connosco nuns sitios dignos e que poidamos ter un equipamento informático ás condicións dun concello tan importante coma é Barbadás. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tomo boa nota. Dicirille a todos vostedes, a todos, a todos, que a proposta que se fixo foi a mesma para o Bloque Nacionalista Galego coma para Compromiso por Barbadás, coma para Democracia Orensana. A mesma. Outra cousa é que vista as circunstancias houbera que modificala. Nada máis, pero a proposta foi a mesma. E a resposta foi a mesma. Polo tanto, este concello ten que funcionar. Nada máis. Así que, o alcalde dende logo que non vai facer casus veldi porque gañe 25 € máis por pleno ou menos. “Se la trae al pairo”. Unha palabra francamente vulgar. “Me la trae al pairo”, gañar 25 € máis ou menos por pleno. dáme igual. Así de sinxelo, iso tamén é política, non estar vendo exactamente canto gaña un na sesión informativa, por unha comisión informativa ou unha xunta de goberno. Dáme igual. Francamente. Así de sinxelo. Votos a favor desta proposta?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Aínda falta a segunda rolda de intervencións.





CONCELLO DE BARBADÁS

O Sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Non tiña que intervir.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Podo intervir en calquera momento.

A Sra. Secretaria toma a palabra: É o que dirixe os debates e pode intervir en calquera momento.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Señor Serafín.

O Sr. Núñez toma a palabra (BNG): A ver, estamos de acordo coas propostas que se lanzan ao respecto dos grupos, do resto dos grupos da oposición, ao respecto de ter un local onde poder desenvolver o noso traballo a nivel municipal. E polo o BNG, se adhire a esa proposta e vamos a facer unha petición por escrito para que o noso grupo municipal, pois teña un local en condicións acaídas para atender á veciñanza. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Partido Popular, entón.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, ben, facer un inciso con respecto ás indemnizacións por asistencias. Vamos a ver, o Partido Popular, pensamos que o resto dos grupos están na mesma situación, estanse debedando, estanse debedando asistencias. Nós, presentamos ambos escritos, un o 9 de abril de 2018, e outro o 8 de febreiro deste ano, e a ningún tivemos resposta. E si temos constancia porque non están xustificadas eses pagamentos de determinados plenos, dúas comisións, incluso do ano 2016, e varios plenos do ano 2017 e comisións tamén, 2017 e 2018.

O Sr. Alcalde toma a palabra: un inciso nada máis. Se poderían indicarnos cales son.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, podémolo indicar agora mesmo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Porque debemos estar todos sen percibilas. Claro.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si, perfecto. Teño aquí o resumo. Fíxose o día 1 un ingreso, concretamente de 935 € netos, que entendemos que pertencía aos plenos e comisións dende mediados de xaneiro deste ano, ata o 6 de maio, tamén deste ano.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, faltan os de xuño.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Faltan, exactamente. Faltan, unha comisión informativa, sobre o tema da auga de Loiro, regularización municipal

A Sra. Secretaria toma a palabra: É que iso non foi unha comisión informativa, eh! Veu un membro da empresa

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero fíxose unha convocatoria específica e hai

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu, persoalmente non o entendo coma unha





CONCELLO DE BARBADÁS

convocatoria dunha comisión informativa.

A Sra. Secretaria toma a palabra Pero non era unha comisión informativa. Non era unha comisión informativa. Iso era unha, como, había unha reunión dentro do proceso de municipalización da auga. En todos os procesos de municipalización teñen coma unha reunión para debater ou para que expoñan, quen fai o regulamento técnico, as cuestións técnicas que as expoña. E foi iso. Pero como tal, non é unha asistencia a comisión informativa, a de auga de Loiro. Iso si que a miramos, eh!

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si que penso lembrar que nese mesmo regulamento, esíxese, que é un proceso de municipalización e o propio regulamento esixe

A Sra. Secretaria toma a palabra Pero a comisión informativa é a posteriori. Hóbooa a posteriori.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non, non, tiña que haber unha comisión específica para designar aos membros da corporación para ese procedemento de municipalización.

A Sra. Secretaria toma a palabra Entón non estamos falando da mesma.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Eu da que estou falando é a do 12 de xullo de 2016. E foi convocatoria.

A Sra. Secretaria toma a palabra Non, non, claro, pero que se fixeran convocatorias, loxicamente non se vai ter unha reunión á que asistades se non se fai unha convocatoria.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ata aí entendemos.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ata aí entendemos Pero o feito é que está previsto, a ver, se está previsto o pago dunha comisión informativa, dunha asistencia a xunta de goberno, ou dunha asistencia a plenos, ou a partir de agora, dunha asistencia a xunta de portavoces, iso é o que se pode pagar. Outra cousa é que se vos convoque para ter unha reunión e falar sobre a cor das flores, falando metafóricamente, sobre a cor das flores que se van poñer nos xardíns municipais. Vides, non vides, se vides non ides ter dereito a ese cobro. Iso é ao que me refiro. Hai unha reunión da auga de Loiro.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non era unha reunión. Era un proceso de municipalización. Unha convocatoria específica.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero vamos a ver, dentro do marco do proceso de





CONCELLO DE BARBADÁS

municipalización, houbo reunións, ata estiven eu en Loiro.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Exactamente.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non estamos falando de reunións. Estamos falando dun procedemento específico e regulado.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero nun proceso de municipalización, tendo en conta do delicado do asunto, dun pobo que non pagaba auga

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Nin paga.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pois ben, que pasara a pagala, polo menos, mecanicamente os prazos, os procedementos están feitos, houbo un montón de reunións, pero que non tiñan o carácter de comisións informativas. Cando digo reunións, poño coma exemplo o feito de que eu tívenme que desprazar

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Non, esta é outra cousa que se fixo aquí na sala de xuntas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pois se non nos consta a efectos de actas. Tedes unha acta?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non, non houbo acta, non.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pois onde non hai acta non se cobra.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Pero Silvia, dentro dese procedemento de municipalización hai un artigo que especifica que se ten que crear unha comisión específica e para iso era esa comisión. Senón, ese procedemento non ten validez. Vámolo mirar.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Pero non era informativa.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero non é unha comisión informativa.

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Era unha comisión de seguimento.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Era de voceiros. Non era de seguimento. Hai unha constitución.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Unha reunión de seguimento pódese facer da seguinte maneira. Partido Popular, que mande a un emisario. Democracia Orensana, o Bloque, a outro. Tal, cada un que nomee aos seus membros. Iso non é unha reunión, non é comisión informativa. Revisamos esas actas, precisamente porque eran moi antigas, e dicir, ben, a ver que están pedindo, porque intervención ... porque onde non hai acta,





CONCELLO DE BARBADÁS

non hai reunión. Agora, de parte, eh!, outras, desa concretamente bótanos a culpa a nós.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Ben, continuamos. Comisión informativa

A Sra. Secretaria toma a palabra: Onda non hai acta non hai asistentes, polo tanto non pode haber asistencias.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Asistencias hai, senón non hai reunión.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pero non hai acta pública dos asistentes. Ou sexa, coma faría eu agora, inventarme os que fustes? E pasarlle unha nota á interventora? É que non foi unha comisión informativa.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Proseguimos. Comisión informativa do 21 de xullo do 2016. Comisión informativa do 4 de novembro de 2016. Todas correspondentes a plenos ordinarios

A Sra. Secretaria toma a palabra: 21 de xullo de 2016. Vou tomar nota.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): 21 de xullo de 2016

A Sra. Secretaria toma a palabra: Esta é unha comisión

O Sr. Alcalde toma a palabra: De plenos. De plenos.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Do 21 de xullo de 2016. O pleno foi extraordinario o día 28. Ben. Comisión informativa do 4 de novembro de 2016 e pleno ordinario, a posteriori, do 7 de novembro de 2016. Comisión e pleno. Eses coinciden os dous. Comisión informativa e pleno ordinario, de comisión o 1

A Sra. Secretaria toma a palabra: O 4 de novembro de 2016, era comisión informativa, e o pleno?

A Sra. Secretaria toma a palabra: E o 7 o pleno ordinario.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero quere dicir que faltan só as comisións informativas.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Non, non, os dous. Estou dando conta dos dous.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tamén os plenos?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Claro, é que estou tomando nota de todo. Pleno, vale. É que vamos

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Si. Comisión informativa do 1 de marzo de 2018 e o seu correspondente pleno ordinario do 5 de marzo da mesma data. Comisión informativa do 5 de abril de 2018 e, correspondente pleno, neste caso, extraordinario do





CONCELLO DE BARBADÁS

9 de abril. Comisión informativa do 4 de maio de 2018 e pleno ordinario

A Sra. Secretaria toma a palabra: Pode ir un pouquiño máis despazo porque temos que pasar todas estas notas. Isto é comisión informativa, pleno, pleno. Seguimos. 5 de abril do 2018. Eu quedeime en abril.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Agora é, pleno, perdón, comisión informativa e pleno dos días 4 de mayo e 7 de 2018.

A Sra. Secretaria toma a palabra: 4 do cinco de 2019

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): 2018

A Sra. Secretaria toma a palabra: Dezaoito, perdón. E o pleno?

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): O pleno é o 7.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Tamén fala das dúas cousas.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): 4 de maio e 7 o pleno. comisión do 4 e pleno do 7

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vale.

O Sr. Fernández toma a palabra (PP): Comisión especial de contas do día 29 de maio, tamén de 2018. Comisión informativa do 31 de maio de 2018 e o correspondente pleno ordinario do 4 de xuño. Exactamente. Comisión informativa do 27 de setembro de 2018 e ata aí. Esas son as que temos anotadas coma débedas.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): en relación a isto para terminar xa, en relación ao que meu compañeiro Manuel, leva cronometrado, nós, facemos unha proposta ao pleno. vale? Esa proposta é que haxa unha periodicidade, que se lle diga

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, xa se falou. Se me permite un inciso, cada tres meses. Xa se falou con intervención e con tesourería.

A Sra. Vispo toma a palabra (PP): Vale, é que senón isto é un desbaraxuste. E despois, en base ao que falábamos antes, do local para reunirse, cando dona Silvia fixo un informe para o Grupo Mixto, que lle entregou, para que quede constancia, para que todos saibamos, “os grupos políticos disporán na casa do concello dun local para reunirse e recibir visitas dos cidadáns e nas medidas das posibilidades do concello, unha infraestrutura mínima de medios materiais”. A ver, nós non estamos pedindo o acceso ao concello. creo que as dependencias están pechadas, as que teñen que estar. Somos membros dunha corporación. Eu o que non vou andar buscando cousas, para iso llo





CONCELLO DE BARBADÁS

pediremos. Nós, se realmente temos que reunirnos cun veciño, pediremos, se fai falta por escrito ou o que sexa, para que quede constancia que ese día entramos. Que creo que non, pero ben, a ver, ata aí poderíamos chegar. Pois tal día temos que facer uso das instalacións? Pois mandamos un correo, hoxe á tarde de 6 a 7, vou estar, o Grupo Popular, pois fulanito de tal. Ata o podo facer para que haxa constancia. Agora, eu non me vou facer responsable do que pase nas dependencias municipais. Iso téño claro. Vale? Porque eu vou ao que vou. Ou se hai unha cámara ou o que sexa. Agora, que si temos dereito? Está reflexado. Entón, o que temos é acceso en calquera momento. Que teñamos que deixalo, que nos podemos comprometer a elo. Que non fai falta, pero se nos podemos comprometer para que non haxa problemas se estivemos ou non estivemos. Nós, as dependencias teñen que estar pechadas, loxicamente, pero incluso por seguridade, porque hai expediente neste concello. Entón, hai portas onde se poden acceder e pechar. Nós, accedemos aos nosos locais e creo que cunha chave da porta do concello, nós cubrimos. Agora, que o poñemos enriba da mesa. Temos dereito a elo. Fágano coma queiran. Grazas.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Polo tanto creo que procede votación deste punto tamén. Votos a favor?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Socialista, e BNG a favor.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Abstencións?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Partido Popular e Fina Varelas, abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra?

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ramón Padrón abstención.

O Sr. Alcalde toma a palabra: En contra.

A Sra. Secretaria toma a palabra: Ai, perdón.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Queda levantada a sesión.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE e BNG as abstencións de PP e Serafina Varelas Vieira (Grupo Mixto) e o voto en contra de Ramón Padrón Calviño (Grupo Mixto) o seguinte acordo: “**Asignacións a grupo políticos e indemnizacións por asistencia**”





CONCELLO DE BARBADÁS

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 14:20 horas no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL

